

POLÍTICA DE FUNCIONAMENTO DA CANLE ÉTICA

Xullo 2025

CONTROL DE MODIFICACIÓNS

VERSIÓN- APARTADOS	COMENTARIOS- DATA
V.0.- documento inicial	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 24 de marzo e por Órgano de Administración 03/2022
V.1. Modificación do punto 3.4. Supresión do correo electrónico como vía de comunicación e da distinción entre canles ordinarias e alternativas.	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 3 de novembro e por Órgano de Administración 11/2022
V.2. Revisión e adaptación á Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción. Renumeración do índice, incorporación dun novo punto 3.3 sobre principios xerais e supresión do antigo punto 3.8 (Que ocorre cando se fai unha comunicación a través doutras canles?) ao refundilo nun único apartado.	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 29 de xuño e por Órgano de Administración 06/2023
V.3. Engádese a descrición da nova plataforma dixital ou telemática, mellorando a redacción das canles dispoñibles. Substitúese o termo *denuncia* por *comunicación*, e o termo *denunciante* por *informante*, conforme á normativa vixente.	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en xullo de 2025 e por Órgano de Administración 07/2025

ÍNDICE

1. FINALIDADE E OBXECTO 4
2. ALCANCE 4
3. REGRAS DE FUNCIONAMENTO 5
3.1. QUE SE PODE INFORMAR? 5
3.2. DE QUE CANLES DISPOÑO? 6
3.3. QUE PRINCIPIOS XERAIS INSPIRAN A CANLE ÉTICA? 7
3.4. CANDO SE DEBE INFORMAR? 8
3.5. QUE OCORRE NOS CASOS DE URXENCIA? 8
3.6. QUE INFORMACIÓN DEBO ACHEGAR AO FACER UNHA COMUNICACIÓN? 8
3.7. DÉBOME IDENTIFICAR AO PRESENTAR UNHA COMUNICACIÓN? 9
3.8. QUE OCORRE CANDO SE FAI UNHA COMUNICACIÓN? 9
3.9. QUE É A PROHIBICIÓN DE REPRESALIAS? 10
3.10. QUE DEBEMOS ENTENDER POR BOA FE DESDE A EMPRESA E DESDE A PERSOA INFORMANTE? 11
3.11. OS MEUS DATOS PERSOAIS ESTARÁN PROTEXIDOS? 12
3.12. QUEN SON OS DESTINATARIOS DOS MEUS DATOS PERSOAIS SE REALIZO UNHA COMUNICACIÓN? 12
3.13. CAL É A BASE LEGAL DO TRATAMENTO DOS MEUS DATOS PERSOAIS? 12
3.14. QUE DATOS SE RECOLLEN, CON QUE FINALIDADE SE TRATAN E DE QUE MANEIRA SE CONSERVAN? 13
3.15. CALES SON OS DEREITOS DA PERSOA INFORMANTE EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS? 14
4. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN 15

1. FINALIDADE E OBXECTO

O Órgano de Administración de INTEGRA MANTENIMIENTO, GESTIÓN Y SISTEMAS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S.L (no sucesivo, INTEGRA ou a Organización) mostrou a súa determinación coa toma de decisións necesarias para a efectiva implantación dun Sistema de Cumprimento (*compliance*) onde a súa Canle Ética se configura como o alicerce principal dentro do seu Sistema Interno de Información de infraccións.

O obxectivo da Canle Ética é recibir e tramitar eficazmente as comunicacións relacionadas cos comportamentos que, en esencia, vulneran os principios contemplados no seu Código ético e outros documentos esenciais que conforman o seu sistema integral de xestión de *compliance*.

Para iso, esta Política de funcionamento da Canle Ética recolle as cuestións relativas á xestión e tramitación das comunicacións recibidas, coa incorporación dun modelo flexible e áxil conforme á normativa legal vixente, estándares e mellores prácticas nacionais e internacionais, a través das canles nas que os potenciais informantes poderán, sen medo a represalia ou a sufrir condutas prexudiciais, pór de manifesto os feitos que supoñan vulneracións do Sistema de Cumprimento.

A presente política, xunto coa súa normativa interna de desenvolvemento, ten como finalidade garantir unha xestión profesional, confidencial, imparcial e de máxima protección durante todo o proceso, xerando con iso un clima de confianza para as súas partes interesadas.

Ademais do anterior, esta política contribúe ao fortalecemento da cultura de información dentro da Organización, pois fomenta a utilización dos mecanismos de comunicación adecuados para previr e detectar ameazas ao interese público.

Por último, o Sistema Interno de Información dispón dun responsable do sistema (RSII), que é o encargado da súa xestión e de que se tramiten dilixentemente as comunicacións recibidas segundo o disposto nesta política e a súa normativa interna de desenvolvemento.

2. ALCANCE

A presente política resulta de aplicación a todas as actividades e é de obrigado cumprimento por todos os membros de INTEGRA, con independencia do cargo ou posto que ocupen dentro da organización, a natureza xurídica da súa relación e a súa localización xeográfica.

Doutra banda, a política será extensiva a terceiros, socios de negocio, filiais estranxeiras, sociedades participadas non-controladas e, en xeral, calquera persoa que pretenda informar ou pór en coñecemento a existencia de calquera infracción relacionada con INTEGRA de conformidade coa normativa vixente.

3. REGRAS DE FUNCIONAMENTO

3.1. Que se pode informar?

Información sobre infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves, nun sentido amplo, isto é, sospeitas razoables, infraccións reais ou potenciais, que se produciron ou que sexa probable que se produzan, xa sexa por acción ou omisión.

Conforme á normativa vixente deberase informar do seguinte:

a) Calquera acción ou omisión que poida constituír infraccións do dereito da Unión Europea, conforme ao establecido no ámbito material de aplicación da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (no sucesivo, Lei de protección ao informante).

b) As accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave.

c) Calquera outra información de irregularidades que poida determinarse conforme ao establecido na presente política.

A título ilustrativo, apúntanse a seguir algunhas das posibles temáticas obxecto de comunicación:

- Suborno e corrupción
- Condutas que atenten contra a saúde e seguridade no traballo
- Conflitos de intereses en calquera acción relacionada co desenvolvemento profesional
- Discriminación, así como acoso sexual e laboral
- Fraude interna
- Supostos de competencia desleal
- Incumprimentos en materia de defensa da competencia

- Utilización indebida dos activos da empresa
- Condutas que atenten contra a saúde e seguridade dos nosos usuarios
- Irregularidades en materia fiscal ou contable ou que atenten contra a integridade nos negocios e dos rexistros financeiros
- Revelación de información cuxa divulgación poida afectar aos intereses de INTEGRA ou lexítimos dereitos de terceiros
- Ciberataques
- Actos que atenten contra o medio natural ou que vulneren a normativa en materia urbanística e de ordenación do territorio
- Accións contra os dereitos humanos
- Entre outros

3.2. De que canles dispoño?

En INTEGRA disponse das seguintes **canles internas** para realizar as comunicacións comprendidas nesta política:

- A nosa canle preferente para a recepción das comunicacións é a canle telemática ou dixital (*), indicada na nosa páxina web corporativa
- Un membro do Órgano de Cumprimento ou *Compliance*.
- O correo postal á atención de:

Canal Ético

Parque Empresarial Vía Norte

C/ Quintanavides, 19, Edificio 4- Plta. 2.ª

C.P. 28050 – MADRID

(*) Fomentarase o uso das canles telemáticas ou dixitais para informar sobre as infraccións, debido a que, por razóns de seguridade, confidencialidade e integridade do contido da comunicación, resultan máis recomendables.

Calquera infracción grave ou moi grave que se reciba por calquera outra canle adicional en INTEGRA será xestionada conforme á normativa interna.

Ademais das canles internas, calquera posible informante ten á súa disposición a **canle externa** da Autoridade Independente de Protección ao Informante ou as canles dos órganos autonómicos ou mesmo do ámbito da Unión Europea que se constitúan para o efecto. Poderase presentar ante a mencionada autoridade independente ou órgano correspondente información sobre a comisión de calquera acción ou omisión incluída no ámbito da lei mencionada, xa sexa directamente ou previa comunicación a través das canles internas descritas anteriormente.

Doutra banda, disponse de **canles externas** xestionadas por outras autoridades administrativas ás que acudir segundo a natureza da infracción para comunicar, como son, entre outras:

- En materia de defensa da competencia – autoridade: CNMC
- En materia vinculada cos mercados de valores – autoridade: CNMV
- En materia de branqueo de capitais – autoridade: SEPBLAC
- En materia de infraccións tributarias – autoridade: AEAT

3.3. Que principios xerais inspiran a Canle Ética?

- **Principio de confidencialidade**

O tratamento tanto da identidade dos intervintes como da información relacionada e proporcionada rexerase por este principio.

Toda persoa lexitimada para participar no expediente, incluíndo a súa investigación, debe manter a confidencialidade da información recibida ou coñecida. Non se pode, por tanto, divulgar a terceiros a información coñecida no exercicio das súas funcións, en especial a relativa aos datos persoais.

A excepción ao parágrafo anterior ten que ver coa necesidade de compartir información coas persoas involucradas no caso respectando o principio de necesidade de coñecer (principio *need to know*) naqueles casos nos que sexa estritamente necesario e lexítimo.

- **Principio de obxectividade e imparcialidade**

Asegurarase a ausencia de conflito de intereses no transcurso do procedemento.

- **Principio de presunción de inocencia**

Calquera *denunciado* ten dereito a ser tratado coma se fose inocente até que, no seu caso, se acredite a comisión dunha *infracción* e proceda a imposición dunha sanción.

- **Principio de proporcionalidade**

Este principio responde á necesidade de que calquera actuación realizada durante o procedemento non se efectúe de maneira arbitraria nin desproporcionada.

3.4. Cando se debe informar?

Débese informar cando a persoa informante teña motivos razoables para crer que a información que indica é certa e susceptible de ser considerada unha infracción ou incumprimento. O informe debe efectuarse sempre de boa fe.

3.5. Que ocorre nos casos de urxencia?

A tramitación das comunicacións expostas a través das diferentes canles coas que conta INTEGRA esixe a realización dunha clasificación inicial atendendo á gravidade e criticidade do contido, de forma que poida priorizarse o seu tratamento.

É recomendable nos casos de urxencia, e sempre que o contexto o permita, asegurarse de informar o superior xerárquico, o RSII e/ou a Dirección de Cumprimento Normativo de INTEGRA tan axiña como for posible a fin de poder tramitar a cuestión da maneira máis eficiente posible de conformidade co recolleito no procedemento de xestión.

3.6. Que información debo achegar ao facer unha comunicación?

INTEGRA agradece que a información que reciba sexa o máis completa, detallada e veraz posible. Por iso solicita que, caso de informar, se comparta toda a información que a persoa informante coñeza ou da que dispoña en relación coas posibles infraccións. A redacción ou interlocución debe ser clara e poderase achegar calquera proba ou documento que sustente a comunicación. Isto permitirá a INTEGRA realizar unha xestión do caso da forma máis rápida e eficaz posible.

3.7. Débome identificar ao presentar unha comunicación?

Non é necesario. A Canle Ética de INTEGRA permite que as comunicacións se poidan levar a cabo de forma anónima.

No entanto, caso de presentar unha comunicación facilitando a súa identificación, función ou relación e datos de contacto, o persoal que se encargue da tramitación poderá pórse en contacto coa persoa informante para realizar un seguimento de ser preciso. Neste sentido, INTEGRA non acepta que se tomen represalias ante comunicacións presentadas de boa fe.

3.8. Que ocorre cando se fai unha comunicación?

No caso de utilizar canles telemáticas, INTEGRA utiliza un servidor seguro para apoiar a administración destas canles, en liña co esixido pola normativa aplicable. As comunicacións a través destas canles gárdanse directamente no servidor, que é altamente seguro.

O servidor permite á persoa informante:

- Concretar o lugar, a data e a sociedade afectada, así como as persoas relacionadas coa comunicación
- Optar pola comunicación anónima
- Poder acompañar a comunicación coa documentación de apoio que xustifique o seu contido

Ao realizar a comunicación a través destas *canles telemáticas*, o servidor proporcionará á persoa informante un número de caso, así como unha clave de uso exclusivo para ela. Con este número de caso e coa clave, a informante poderá iniciar sesión no sitio web de comunicacións para obter comentarios e/ou actualizacións sobre a súa comunicación. O sistema permitiralle proporcionar información adicional para modificar ou complementar o seu informe.

É importante resaltar que o servidor traslada estas comunicacións só a persoas específicas dentro de INTEGRA que están autorizadas para xestionalas. Así mesmo, o equipo interno que manexa os documentos achegados recibe formación sobre como xestionar os documentos e comunicacións de forma eficaz, así como sobre a forma de asegurar a súa confidencialidade.

INTEGRA acusará recibo nun prazo de sete días desde que se ten constancia da recepción efectiva da comunicación, e sempre que sexa posible a realización do

devandito acuse.

Unha vez que se produza o acuse de recibo, e no caso de que o informante se identificase, INTEGRA poderá pórse en contacto co informante directamente para proporcionarlle comentarios e actualizacións.

A tramitación da comunicación resolverase nun prazo razoable, non superior a tres meses desde a confirmación de recepción, prazo que poderá estenderse a seis meses en supostos de especial relevancia ou complexidade.

O principio de actuación é que, cando existan indicios suficientes sobre unha posible violación que derive ou poida derivar en infraccións graves ou moi graves, xa sexan penais ou administrativas, iniciarase unha investigación de conformidade co seu procedemento interno establecido para o efecto.

INTEGRA proporcionará información á persoa informante sobre a comunicación e, na medida do posible, do resultado da avaliación do asunto. Debe terse en conta que, por motivos de seguridade ou integridade na investigación, nalgúns casos pode haber limitacións en canto ás actualizacións que se poidan proporcionar sobre a comunicación, de conformidade co desenvolvido no seu procedemento interno.

A protección aos suxeitos implicados poderá levar á adopción de medidas razoables de acompañamento e apoio para evitar que se produzan danos e garantir os principios que dimanan da presente política sempre que a súa actuación sexa de boa fe.

3.9. Que é a prohibición de represalias?

En INTEGRA non se tolera ningunha forma de represalia. Isto inclúe a ameaza ou calquera outra forma de amedrentar unha persoa que informe de boa fe feitos involucrados con esta política.

A protección contra as represalias esténdese tamén ás persoas que informan de boa fe posibles infraccións externamente ás autoridades competentes. A presente política esténdese á prohibición de represalia ás seguintes persoas:

1. Calquera terceira persoa relacionada coa informante (como compañeiros e familiares) que poida sufrir represalias nun contexto laboral.
2. Calquera persoa que axude a informante no proceso de comunicación.
3. Calquera entidade xurídica da que a persoa informante sexa propietaria, na que traballe ou coa que estea vinculada doutro xeito nun contexto laboral ou profesional.

A prohibición de represalias abrangue calquera acto ou omisión, directo ou indirecto, que poida prexudicar unha persoa informante debido á súa comunicación de boa fe de posibles infraccións. Por exemplo, INTEGRA non tomará ningunha das seguintes medidas contra as persoas informantes pola presentación dunha comunicación de boa fe:

1. Suspensión, despedimento, destitución ou medidas equivalentes
2. Avaliación negativa do rendemento
3. Denegación da promoción
4. Cambio inxustificado de localización do lugar de traballo, redución de salario, cambio de horario de traballo
5. Coacción, intimidación, acoso ou ostracismo
6. Discriminación, trato inxusto ou de desvantaxe
7. Non-renovación ou resolución anticipada dun contrato de traballo temporal
8. Dano, mesmo á reputación da persoa, en particular nos medios sociais, ou perda financeira, incluída a perda de negocio e a perda de ingresos
9. Resolución anticipada dun contrato de bens ou servizos
10. Cancelación dun permiso
11. Outras medidas que puidesen considerarse como represalias

Caso de que calquera persoa de INTEGRA, en contra desta política, tome directa ou indirectamente represalias, será a propia INTEGRA quen tomará as medidas necesarias para que cesen as represalias canto antes e, cando cumpra, tomará medidas disciplinarias contra as súas responsables.

3.10. Que debemos entender por boa fe desde a empresa e desde a persoa informante?

Desde o punto de vista da persoa informante, a boa fe supón informar tendo, polo menos, motivos razoables para crer que a información sobre posibles infraccións comunicada era certa no momento de informar.

Desde o punto de vista da empresa, implica que non vai adoptar ningunha

represalia polo feito de presentar unha comunicación, así como que vai protexer a confidencialidade e a identidade da persoa informante en todo caso e coa única excepción de que a lei, nas súas diferentes modalidades, esixa comunicala a unha autoridade xudicial ou administrativa.

3.11. Os meus datos persoais estarán protexidos?

Si, están protexidos.

INTEGRA comprométese a manter unha estrita protección da intimidade, a seguridade e a conservación dos datos, tal e como se detalla na nosa política creada para o efecto e publicada na nosa web.

Estas normas tamén se aplicarán con respecto a todos os datos persoais relacionados coas comunicacións realizadas de acordo con esta política.

3.12. Quen son os destinatarios dos meus datos persoais se realizo unha comunicación?

Os datos persoais recollidos no contexto dunha comunicación realizada poderán ser tratados ou comunicados ás seguintes partes cando sexa necesario:

- O Responsable do Sistema Interno de Información, así como o Órgano de Compliance de INTEGRA.
- Representantes autorizados de INTEGRA que interveñan na investigación, se a natureza ou o alcance dos feitos comunicados require a súa participación.
- Investigador, asesor ou conselleiro externo que sexa contratado para apoiar a INTEGRA na avaliación da notificación ou na investigación do asunto, ou para asesorar a INTEGRA en relación co asunto.
- Ministerio Fiscal, autoridade xudicial, policía e/ou outras autoridades reguladoras ou de aplicación da lei.

3.13. Cal é a base legal do tratamento dos meus datos persoais?

O tratamento dos datos persoais no marco da Canle Ética ten como base xurídica o cumprimento da obriga legal da compañía, conforme á *Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción*, de dispor dun sistema interno de información de irregularidades.

Por tanto, o tratamento dos datos persoais da persoa informante ou das informadas é estritamente necesario para xestionar a comunicación e dar cumprimento ás mencionadas finalidades e obrigas legais. INTEGRA non levará a cabo en ningún caso decisións automatizadas baseadas nos datos remitidos.

3.14. Que datos se recollen, con que finalidade se tratan e de que maneira se conservan?

Finalidade coa que INTEGRA trata os datos persoais

En todo momento, só se tratan os datos persoais que sexan estritamente necesarios para os fins de xestionar, tramitar e investigar as comunicacións relativas á comisión de irregularidades ou actos contrarios á ética, a legalidade ou as normas corporativas de INTEGRA e levar a cabo as actuacións necesarias para a investigación dos feitos comunicados, incluídas, no seu caso, a adopción das medidas disciplinarias ou legais que correspondan. Os datos persoais non serán utilizados para unha finalidade distinta da indicada.

Datos persoais que recolle INTEGRA

- Na tramitación das comunicacións realizadas de acordo con esta política, INTEGRA recolle os seguintes datos persoais e a información proporcionada ao realizar unha comunicación e ao longo da súa investigación:
- Nome e datos de contacto (agás se a comunicación é anónima) e se é empregado de INTEGRA
- Nome e outros datos persoais das persoas que menciona a comunicación, se se proporciona esa información (é dicir, descrición das funcións e datos de contacto)
- Calquera dato ou información incluída na comunicación que poida chegar a identificar unha determinada persoa

Conservación dos datos persoais

INTEGRA manterá un rexistro de todas as comunicacións recibidas. Estes rexistros e os datos persoais que conteñan manteranse de forma confidencial.

Os rexistros conservaranse durante todo o tempo que for preciso para cumprir con calquera requisito legal de aplicación en cada momento e, en ningún caso, durante un prazo superior a dez (10) anos.

En particular, INTEGRA conservará os datos persoais da persoa informante durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos ou condutas comunicados e, unha vez decidido,

suprimiranse da Canle Ética, podéndose tratar fóra do sistema para investigar os feitos polo tempo necesario até a súa conclusión. Unha vez finalizada a investigación da comunicación e tomadas, no seu caso, as accións oportunas, os datos daquelas comunicacións ás que se deu curso manteranse debidamente bloqueados para dar cumprimento ás obrigas legais que en cada caso correspondan.

En todo caso, os datos persoais serán suprimidos da Canle Ética no prazo máximo de tres (3) meses desde a súa introdución, agás que se conserven por un prazo adicional por ser necesario para cumprir coas obrigas legais e societarias, e podéndose seguir tratando fóra da Canle Ética no caso de que non terminase a investigación da comunicación durante o tempo necesario até a súa finalización.

No caso de que se decida non dar curso á comunicación interposta poderá conservarse a información de forma anonimizada.

3.15. Cales son os dereitos da persoa informante en materia de protección de datos?

Como informante, a persoa que comunicación pode exercitar, en calquera momento e nos termos previstos pola normativa aplicable, o acceso aos datos persoais que lle competen.

Se esta persoa cre que os datos non son correctos ou que son incompletos, pode solicitar a súa rectificación de acordo coa lexislación aplicable. Pode solicitar que se borren os datos se xa non son necesarios, excepto no caso de que exista a obriga legal de conservalos.

Así mesmo, pode solicitar que se limite o tratamento dos seus datos persoais, oporse a este tratamento ou solicitar a súa portabilidade, e terá dereito a retirar o seu consentimento.

Para iso, deberá dirixirse por escrito a **rgpd-integracee@integracee.es** previa acreditación da súa identidade por medio válido en dereito, indicar no asunto «Exercicio de dereitos» e especificar o dereito que quere exercitar.

De non obter satisfacción no exercicio dos seus dereitos, pode presentar unha reclamación na Axencia Española de Protección de Datos.

Dispón de máis información na Política de privacidade dispoñible na apartado Canle Ética da web corporativa.

4. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN

A entrada en vigor desta política terá lugar no mesmo momento da data de aprobación, modificación ou actualización deste documento.

Será obxecto de publicación e difusión para o seu adecuado coñecemento, atopándose a disposición e consulta a través da web corporativa.

Con carácter ordinario, INTEGRA revisará o seu contido coa periodicidade establecida no seu sistema de información documentada e de forma extraordinaria cando concorran circunstancias significativas de carácter legal, organizativo ou de calquera outra natureza que xustifiquen a súa adaptación e/ou actualización inmediata.